

## MINISTERIO DE XUSTIZA

**18494** *REAL DECRETO 1791/2008, do 3 de novembro, sobre a declaración de reparación e recoñecemento persoal a quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.* («BOE» 277, do 17-11-2008.)

A Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, recoñeceu no seu artigo 1 o dereito á reparación moral e á recuperación da memoria persoal e familiar de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.

Como expresión deste dereito á reparación moral, no seu artigo 2 recoñécese e declárase o carácter radicalmente inxusto de todas as condenas, sancións e calquera forma de violencia persoal producidas por razóns políticas, ideolóxicas ou de crenza relixiosa durante a Guerra Civil, así como as sufridas polas mesmas causas durante a Ditadura.

Estas razóns inclúen a pertenza, colaboración ou relación con partidos políticos, sindicatos, organizacións relixiosas ou militares, minorías étnicas, sociedades secretas, loxas masónicas e grupos de resistencia, así como o exercicio de condutas vinculadas con opcións culturais, lingüísticas ou de orientación sexual.

Igualmente, a Lei 52/2007, do 26 de decembro, recoñece e declara a inxustiza que supuxo o exilio de moitos españois durante a Guerra Civil e a Ditadura franquista.

Recoñécese tamén a ilexitimidade das condenas e sancións que sufriron aqueles que, durante a Ditadura, loitaron polo restablecemento dun réxime democrático en España, ou intentaron vivir conforme opcións amparadas hoxe pola nosa Constitución, pero perseguidas polo réxime político xurdido da sublevación ilexítima do 18 de xullo de 1936.

Estas declaracións xenéricas complementáanse cun procedemento específico para obter unha declaración persoal, de contido rehabilitador e reparador, previsto no artigo 4 da Lei 52/2007, do 26 de decembro, que se abre como un dereito a todos os prexudicados, e que poderán exercer eles mesmos, ou ben os seus familiares ou aquelas institucións públicas onde desempeñasen cargo ou actividade relevante.

Mediante esta declaración, a democracia española honrará aqueles cidadáns que padeceron directamente a inxustiza e os agravios derivados da Guerra Civil e da Ditadura franquista.

Os números 4 e 5 do artigo 4 da Lei 52/2007, do 26 de decembro, aluden expresamente ao Ministerio de Xustiza como o órgano competente para a expedición da citada declaración.

Pola súa parte, a disposición derradeira primeira da Lei 52/2007, do 26 de decembro, habilita o Goberno e os seus membros, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido na lei.

En uso destas habilitacións dítase este real decreto, que ten por obxecto desenvolver as previsións contidas no artigo 4 da Lei 52/2007, do 26 de decembro, regulando o procedemento para a obtención da declaración de reparación e recoñecemento persoal.

O real decreto respecta o contido do artigo 4 da Lei 52/2007 no relativo ao obxecto e finalidade do procedemento; á compatibilidade da declaración con calquera outra fórmula de reparación prevista no ordenamento xurídico e á prohibición de que esta constitúa título para o

recoñecemento de responsabilidade patrimonial do Estado nin de calquera outra Administración pública, nin dará lugar a efecto, reparación ou indemnización de índole económica ou profesional, así como aos suxeitos lexitimados para solicitar a declaración.

A tramitación dos expedientes atribúeselle á División de Tramitación de Dereitos de Graza e outros Dereitos, órgano dependente da Subsecretaría de Xustiza, correspondendo a resolución do procedemento ao ministro de Xustiza.

A tramitación e resolución do procedemento rexeráse polo establecido na Lei 30/1992, aínda que se introducen algunhas especialidades.

Finalmente garátese o dereito do cidadán a relacionarse co Ministerio de Xustiza utilizando medios electrónicos para o exercicio dos dereitos previstos no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común así como posibilidade de xestionar electronicamente o procedemento mediante a inclusión de referencias expresas ao longo do articulado, á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2008,

### DISPONGO:

#### Artigo 1. *Obxecto do real decreto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación do procedemento para a obtención da declaración de reparación e recoñecemento persoal prevista no artigo 4 da Lei 52/2007, do 27 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.

#### Artigo 2. *Obxecto e finalidade de procedemento.*

1. Este procedemento ten por obxecto a obtención da declaración de reparación e recoñecemento persoal de quen padeceu persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas ou de crenza relixiosa, durante a Guerra Civil e a Ditadura como consecuencia de condenas, sancións e calquera forma de violencia persoal.

2. Esta declaración será compatible con calquera outra fórmula de reparación prevista no ordenamento xurídico e non constituirá título para o recoñecemento de responsabilidade patrimonial do Estado nin de calquera Administración pública, nin dará lugar a efecto, reparación ou indemnización de índole económica ou profesional.

#### Artigo 3. *Competencias.*

1. A tramitación do procedemento corresponde á División de Tramitación Dereitos de Graza e outros Dereitos, órgano dependente da Subsecretaría de Xustiza.

2. A resolución do procedemento é competencia do ministro de Xustiza. Esta resolución esgota a vía administrativa conforme o establecido no artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común en relación coa disposición adicional décimo quinta da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

#### Artigo 4. *Lexitimación.*

Terán dereito a solicitar a declaración:

a) As persoas afectadas, con independencia da súa nacionalidade e, en caso de que as estas falecesen, o cónxuxe ou persoa ligada por análoga relación de afectividade, os seus ascendentes, os seus descendentes e os seus colaterais até o segundo grao.

b) Así mesmo, as institucións públicas, logo de acordo do seu órgano colexiado de goberno, respecto de quen, carecendo de cónxuxe ou dos familiares mencionados no punto anterior, desempeñase cargo ou actividade relevante nelas.

#### Artigo 5. *Contido da solicitude.*

A solicitude, cuxo modelo figura no anexo que se lle xunta a este real decreto, dirixirase ao ministro de Xustiza e conterá os seguintes extremos:

a) Nome e apelidos da persoa ou identificación da institución pública que solicita a declaración e, de ser o caso, da persoa que a represente, así como a identificación do medio preferente ou do lugar que se sinale para efectos de notificacións.

En todo caso, o solicitante deberá xuntar os documentos orixinais ou copia compulsada deles, acreditativos da lexitimación e, de ser o caso, representación.

b) Nome e apelidos da persoa para a que se solicita a declaración no suposto de que non coincida co petionario.

c) Feitos e razóns en que se concreta a solicitude.

Para estes efectos, o petionario achegará toda documentación que sobre os feitos e o procedemento conste no seu poder, así como todos aqueles antecedentes que se consideren oportunos.

Poderanse achegar igualmente documentos e informes expedidos por entidades ou institucións, públicas ou privadas, que estean relacionadas coa reparación e recuperación da memoria persoal e familiar das vítimas da Guerra Civil e a Ditadura, así como dos partidos políticos, sindicatos e asociacións que sufriron persecución durante a Ditadura.

d) Lugar e data.

e) Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.

#### Artigo 6. *Lugar e medios de presentación da solicitude.*

A solicitude poderase presentar en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, así como de forma electrónica, de acordo co previsto no artigo 6.1 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, a través da páxina web do Ministerio de Xustiza ([www.mjjusticia.es](http://www.mjjusticia.es)).

#### Artigo 7. *Tramitación e resolución.*

A tramitación e resolución deste procedemento seguirá o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, coas seguintes especialidades:

a) Na instrución do expediente, o instrutor poderá solicitar dos órganos, organismos públicos e resto de entidades de dereito público da Administración xeral do Estado, así como de calquera outra entidade ou institución privada, aquela información que poida ser necesaria para a resolución do procedemento. Estes órganos, organismos e entidades ou institucións terán a obriga de facilitar a información requirida no prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude, mediante certificacións, extractos, informes ou copias autenticadas dos

documentos, de acordo coas súas propias normas organizativas.

b) O prazo de resolución e notificación deste procedemento será de seis meses; transcorridos estes sen que se dite resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

c) En caso de resolución firme estimatoria, entregaráselle ao petionario un título expedido polo ministro de Xustiza en que constará a declaración de reparación e recoñecemento persoal.

d) No suposto de que a resolución fose desestimatoria farase constar que non quedou acreditado no procedemento o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 52/2007, do 27 de decembro, para o outorgamento da declaración.

#### Artigo 8. *Principio de colaboración.*

1. O principio de colaboración informará as relacións entre o Ministerio de Xustiza e todos os órganos, organismos públicos e demais entidades de dereito público da Administración xeral do Estado, así como as relacións con entidades ou institucións privadas, para o eficaz cumprimento do previsto neste real decreto. Para tal efecto, estes órganos, organismos, organizacións ou entidades e institucións estarán obrigados a facilitar a información e documentación que lles sexa solicitada no marco do procedemento deseñado neste real decreto.

2. Así mesmo, este principio informará as relacións entre a Administración xeral do Estado e a das comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local. Para tal efecto, poderanse subscribir convenios que articulen a dita colaboración.

#### Disposición adicional primeira. *Rexistro de declaracións.*

Na División de Tramitación de Dereitos de Graza e outros Dereitos existirá un rexistro de declaracións para efectos estatísticos e tamén para a expedición de copias do título a aqueles familiares ou institucións públicas que o soliciten.

#### Disposición adicional segunda. *Protección de datos de carácter persoal.*

As actuacións derivadas deste real decreto respectarán o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 15 de xuño, de protección de datos de carácter persoal, e a súa normativa de desenvolvemento.

#### Disposición adicional terceira. *Aplicación da Lei 11/2007, do 22 de xuño.*

Será de aplicación o disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

#### Disposición adicional cuarta. *Modelo de solicitude e instrucións para a súa formalización.*

Apróbase o modelo de solicitude da declaración de reparación e recoñecemento persoal así como as instrucións para a súa formalización que figuran no anexo que se lle xunta a este real decreto.

#### Disposición derradeira primeira. *Aplicación supletoria da Lei 30/1992, do 26 de novembro.*

No non previsto neste real decreto será de aplicación o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Xustiza para que, no ámbito das súas competencias, adopte as normas e medidas necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

En especial, en relación coa posibilidade de presentar a solicitude e tramitar o procedemento de forma electrónica, coa difusión e o acceso á información relacionada co procedemento, coa súa tramitación e a documentación necesaria para poder obter a declaración, así como para

determinar as características e o contido do título que expida o ministro de Xustiza.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,  
JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR



GOBERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE XUSTIZA

Espazo reservado para os selos de rexistro

**ANEXO**

MODELO DE SOLICITUDE DA DECLARACIÓN DE REPARACIÓN E RECOÑECIMENTO PERSOAL  
(Artigo 4 da Lei 52/2007, do 26 de decembro)

**I. DATOS DO AFECTADO**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
DATA DE NACEMENTO / ____ / ____	NACIONALIDADE	DNI/NIF/NIE	<input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER

**2. DATOS DO SOLICITANTE**

**2.1. AFECTADO DIRECTO, FAMILIAR, REPRESENTANTE DUNHA INSTITUCIÓN**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
NACIONALIDADE	TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO <input type="checkbox"/> DNI/NIF/NIE <input type="checkbox"/> OUTRO: _____	Nº DOCUMENTO	
PARENTESCO CO AFECTADO DIRECTO	CARGO DO REPRESENTANTE DA INSTITUCIÓN		

**Enderezo para efectos de notificacións**

DOMICILIO (rúa, número, andar e porta)		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	PAÍS	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

**2.2 INSTITUCIÓN**

Cubrir só no caso de que o solicitante sexa unha institución por non existiren familiares

DENOMINACIÓN DA INSTITUCIÓN	NIF
ACORDO DO ÓRGANO COLEXIADO ÓRGANO: _____ DATA ____ / ____ / ____	
CARGO OU ACTIVIDADE DESENVOLVIDOS POLO AFECTADO NA INSTITUCIÓN	

**3. FEITOS QUE SE ALEGAN**

FEITO ALEGADO	PROVINCIA	LOCALIDADE e C. POSTAL
		C. POSTAL
		C. POSTAL
		C. POSTAL

MINISTERIO DE XUSTIZA  
[www.mjusticia.es](http://www.mjusticia.es)

APELIDOS E NOME DO AFECTADO
-----------------------------

#### 4. RESOLUCIÓNS E CERTIFICACIÓNS

Cubrir en caso de existencia de certificacións ou resolucións

	*CÓDIGO ÓRGANO - ORGANISMO	DESCRICIÓN	NOME (só en caso de non estar na lista de órganos - organismos)	ENDEREZO POSTAL (só no caso de non estar na lista de órganos - organismos)
<input type="checkbox"/> RESOLUCIÓN <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN				
<input type="checkbox"/> RESOLUCIÓN <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN				
<input type="checkbox"/> RESOLUCIÓN <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN				
<input type="checkbox"/> RESOLUCIÓN <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN				

\* Elix a un código de organismos de entre a lista da páxina de instrucións

#### 5. DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN

	<input type="checkbox"/> DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA IDENTIDADE DO AFECTADO <input type="checkbox"/> DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DO PARENTESCO DO SOLICITANTE <input type="checkbox"/> DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA INSTITUCIÓN SOLICITANTE, O SEU REPRESENTANTE E ACORDO DO ÓRGANO COLEXIADO <input type="checkbox"/> DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DAS RESOLUCIÓNS DITADAS E CERTIFICACIÓNS EMITIDAS <input type="checkbox"/> DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS FEITOS ALEGADOS
OUTROS	<div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div> <div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div> <div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>

**DECLARO**, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos que consigno nesta solicitude.

**AUTORIZO** a verificación e o cotexo dos datos cos existentes en calquera outro organismo que tiver atribuída a competencia sobre eles, así como a consulta dos meus datos de identificación persoal, con garantía de confidencialidade e para os exclusivos efectos desta solicitude.

**SOLICITO** a declaración de reparación e recoñecemento persoal recollida no artigo 4 da Lei 52/2007, do 26 de decembro (BOE do 27).

En \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_  
(Sinatura do solicitante)

Os datos de carácter persoal que constan nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro automatizado custodiado no Ministerio de Xustiza e serán tratados conforme o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
---

(Ver instrucións de formalización ao dorso)

MINISTERIO DE XUSTIZA  
Praza Jacinto Benavente, 3  
28071 - MADRID  
902 007 214

MINISTERIO DE XUSTIZA  
[www.mjusticia.es](http://www.mjusticia.es)



GOBERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE XUSTIZA

Espazo reservado para os selos de rexistro

**PARA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN**

APELIDOS E NOME DO SOLICITANTE		Núm. DNI – NIE – PASAPORTE	
NOME DE INSTITUCIÓN			CIF INSTITUCIÓN
CLAVE DE IDENTIFICACIÓN DO SEU EXPEDIENTE			
FUNCIONARIO DE CONTACTO			

**SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE REPARACIÓN E RECOÑECIMENTO PERSOAL**

DOCUMENTOS QUE LLE REQUIRE NA DATA DE RECEPCIÓN DA SOLICITUDE O MINISTERIO DE XUSTIZA
<p>1. <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da identidade do afectado</p> <p>2. <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa do parentesco do solicitante</p> <p>3. <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da institución, solicitante, representante e acordo do órgano colegiado</p> <p>4. <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa das resolucións ditadas e certificacións emitidas</p> <p>5. <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa dos feitos alegados</p>

<p>Recibín os documentos requiridos a excepción dos números _____</p> <p style="text-align: center;">Sinatura</p> <p>Cargo e nome do funcionario _____</p> <p>_____</p> <p>Data _____ Lugar _____</p>	<p><b>DILIXENCIA DA COMPULSA</b></p> <p>Á vista dos seguintes documentos orixinais e en vigor:</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p> <p>Expídese esta dilixencia de verificación para facer constar que os datos reflectidos nesta solicitude e os que aparecen nestes documentos coinciden fielmente no seu contido.</p> <p style="text-align: center;">Sinatura</p> <p>Cargo e nome do funcionario _____</p> <p>_____</p> <p>Data _____ Lugar _____</p>
---	---

Os datos de carácter persoal que constan nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro automatizado custodiado no Ministerio de Xustiza e serán tratados conforme o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal

## SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE REPARACIÓN E RECOÑECEMENTO PERSOAL

### INSTRUCCIÓN

#### 1. DATOS DO AFECTADO DIRECTO PARA QUE SE SOLICITA A DECLARACIÓN

Cubrir os datos de identificación: apelidos e nome, data de nacemento, sexo, e a nacionalidade no momento en que aconteceron os feitos.

Indicar o DNI/NIF/NIE en caso de que sexa posible, por existir este tipo de documento en vida do afectado, ou ben referencia que identifique o afectado.

#### 2. DATOS DO SOLICITANTE

O solicitante pode ser:

- O propio afectado para o que se solicita a declaración.
- En caso de que este falecese, o cónxuxe ou persoa ligada por análoga relación de afectividade, os seus ascendentes, os seus descendentes (fillos, netos) e os seus colaterais ata o segundo grao.
- Só en caso de non existiren familiares, unha institución pública respecto dos que desempeñasen cargo ou actividade relevante nela, logo de acordo do seu órgano colexiado de goberno.

Cubrir os datos de identificación do solicitante: apelidos e nome, documentos identificativos e nacionalidade na data da solicitude. Parentesco en caso de ser un familiar o solicitante, ou cargo do representante na institución, se é en representación dunha institución pola cal se presenta a solicitude.

Os datos reflectidos no enderezo consideraranse para efectos de notificacións.

Cubrir os datos de identificación da institución solicitante, o órgano colexiado e a data do acordo polo que se formula esta solicitude, e o cargo ou actividade desempeñados polo afectado na institución.

#### 3. FEITOS QUE SE ALEGAN

Expresar os feitos que conduciron o afectado a padecer persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas ou de crenza relixiosa durante a Guerra Civil e a Ditadura, indicando os órganos - organismos depositarios da documentación ou arquivo dos feitos. Para cada feito, indicar provincia, concello ou localidade e código postal onde se produciu.

#### 4. RESOLUCIÓN E CERTIFICACIÓNS

Enumerar as resolucións e certificacións que acrediten os feitos alegados, indicando de entre a lista o órgano – organismo que ditou a resolución ou emitiu a certificación. En caso de non constar na lista, cubrir os datos de nome de órgano – organismo e enderezo deste.

##### Lista de órganos - organismos

Código	Nome
01	Consello de guerra
02	Tribunal de honra
03	Tribunal de represión da masonaría e o comunismo
04	Tribunal de responsabilidades políticas
05	Tribunal de orde pública

#### 5. DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN

Sinalar cunha aspa nesta epígrafe os documentos que se lle xuntan á solicitude, acreditativos de:

- A identidade do afectado.
- O parentesco do solicitante co afectado.
- En caso de non existiren familiares e formular a solicitude unha institución: identificación da institución, do órgano colexiado e a data en que se tomou o acordo, a representación do solicitante e o cargo ou actividade desenvolvidos polo afectado na institución.
- Certificacións expedidas por calquera entidade pública ou privada sobradamente recoñecida, resolucións ditadas por órganos xudiciais.
- Documentos que acrediten dalgunha forma os feitos alegados.
- Outros documentos que se consideren de interese.

Se esta solicitude non vai acompañada dos documentos necesarios para a súa tramitación, deberaos presentar persoalmente ou por correo, no prazo de dez días contados desde o seguinte a aquel en que se lle notificase o seu requirimento.

Co incumprimento do prazo sinalado entenderase que desiste da súa petición, de acordo co previsto nos artigos 70 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Se, pola contra, os presenta no tempo requirido, o prazo máximo para resolver e notificar a súa solicitude iniciárase a partir da data de recepción deses documentos.